



# REGO DOS MUÍÑOS (Samieira)

Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 4, 2 km (ida e volta)  
**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 2 horas



Unha ruta que remonta o curso do rego de Muíños, entre Samieira e o Foxo das Vacas.

O rego dos Muíños baixa desde O Busto ata a praia do Laño, na ría de Pontevedra. No percorrido podemos ver 23 muíños, tres fontes, dous lavadoiros e varias pequenas fervezas.

A ruta ten dúas partes diferenciadas, a primeira na que os protagonistas son os muíños e a segunda na que o que destaca é o curso do regueiro e o bosque de ribeira, bastante degradado, no que, entre acacias e eucaliptos, aínda quedan grandes loureiros, algúns carballos de bo porte, castiñeiros...

**COMO CHEGAR:** en Samieira cóllese a estrada que vai a Armenteira e en 200 m á esquerda hai unha praza, onde se pode deixar o coche. Seguindo río abaixo atopamos un pequeno canón con fervezas. Río arriba iremos pasando por unha serie de muíños e pequenos saltos de auga. Pódese seguir río arriba por un carreiro que cada vez é máis irregular e menos evidente.

